

Review

**FERNÁNDEZ
RODRÍGUEZ,
Áurea; GALANES
SANTOS, Iolanda;
LUNA ALONSO,
Ana e MONTERO
KÜPPER, Silvia (eds.)**

Berna: Peter Lang. 2015.
247 pp.
ISBN 978 3 0343 1487 9 pb.

*Literaturas
extranjeras y
desarrollo cultural.
Hacia un cambio
de paradigma en
la traducción
literaria gallega*

Laura Linares
University College Cork

Este novo volume editado polas investigadoras principais do Grupo BITRAGA da Universidade de Vigo aparece na colección 'Relaciones literarias en el ámbito Hispánico: traducción, literatura y cultura' de Peter Lang, dirixida por Luis Pegenante e que ten como obxectivo dar a coñecer novas aportacións no eido da tradución e das relacións interliterarias no ámbito

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
Áurea; GALANES SANTOS,
Iolanda; LUNA ALONSO,
Ana e MONTERO KÜPPER,
Silvia (eds.)

*Literaturas extranjeras y
desarrollo cultural. Hacia un
cambio de paradigma en la
traducción literaria gallega*
Laura Linares

hispanico dende unha perspectiva multidisciplinar. As editoras achéganse a este obxectivo cunha obra centrada en presentar unha panorámica da evolución da importación de textos literarios en Galicia dende a década dos oitenta ata a actualidade que confirma a vitalidade dos estudos de tradución no contexto galego e fornece aos lectores cun interesante complemento do anterior libro das mesmas investigadoras, *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Neste caso, ademais, o libro non só recolle o traballo das propias editoras, senón que tamén achega as perspectivas de catro personalidades do mundo dos estudos literarios e teatrais como son Isabel Mociño González, Dolores Vilavedra, María do Cebreiro Rábade Villar e Manuel Francisco Vieites García.

O volume, que se abre cun apaixonado prólogo de Basilio Losada no que o tradutor e intelectual destaca a importancia da tradución para a evolución da literatura e do pensamento en Galicia, inclúe dous breves textos das editoras a modo de introdución ('La literatura importada en Galicia desde 1980') e conclusión ('Avances en la historia de la traducción literaria en Galicia'), que enmarcan o contido principal do texto, dividido en dúas partes de catro capítulos cada unha. Na primeira, as investigadoras de BITRAGA presentan unha panorámica xeral da situación da tradución en Galicia, mentres que na segunda, os autores convidados céntranse en xéneros literarios específicos (literatura infantil e xuvenil, narrativa, poesía e teatro) para proporcionar unha visión máis concreta do que está sucedendo en cada un dos eidos da tradución literaria en Galicia. Esta estrutura en espello presenta unha serie de dicotomías moi interesantes que aportan un gran dinamismo á lectura e á comprensión da historia recente da tradución en Galicia: por unha parte as parellas xeral-específico e editoras-convidados, que contribúen á elaboración dunha articulación sólida á vez que flexible e, por outra, o par estudos de tradución (representado polas editoras, todas profesoras do Departamento de Tradución da Universidade de Vigo) e estudos literarios e culturais (representado polos autores convidados), que é unha clara mostra da fertilidade dos intercambios entre as disciplinas e das diversas e dinámicas perspectivas a través das que se accede á reflexión sobre a tradución literaria en Galicia.

Os catro artigos que compoñen a primeira parte presentan unha estrutura paralela, que se conforma sempre a partir dunha breve panorámica histórica sobre a tradución en Galicia. Se ben esta está articulada dende perspectivas lixeiramente diferentes en cada caso (no relacionado cos apoios, coas literaturas que se traducen, coas editoras que traducen e coas persoas que traducen) resulta en ocasións un tanto repetitiva para aqueles interesados en realizar unha lectura lineal do volume, aínda que contribúe ao obxectivo xeral das editoras de ofrecer unha certa flexibilidade de xeito que 'quien se adentre en sus páginas cuente con la suficiente libertad de crear su propia representación en lo que se refiere al papel que han desempeñado los distintos actores y/o agentes que intervienen en la comunicación intercultural dentro del campo literario gallego' (11). A partir destas pinceladas históricas iniciais, Montero Küpper observa no capítulo 'Situación de partida y análisis de las iniciativas de apoyo a la traducción en Galicia' as tendencias no volume e nas características das traducións, centrándose na importancia que para conformar estas teñen os apoios e as iniciativas privadas de editoras e asociacións de tradutores, os premios de tradución como elemento impulsor do sector, as subvencións tanto estatais como autonómicas e o apoio loxístico, elaborando unha sólida crítica da falta de políticas de tradución tanto institucionais como privadas

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
Áurea; GALANES SANTOS,
Iolanda; LUNA ALONSO,
Ana e MONTERO KÜPPER,
Silvia (eds.)

*Literaturas extranjeras y
desarrollo cultural. Hacia un
cambio de paradigma en la
traducción literaria gallega*
Laura Linares

e formulando unha serie de interesantes propostas para o futuro. En 'Literaturas extranjeras en la cultura gallega', Galanes Santos realiza, a través dos datos cuantitativos extraídos das investigacións do Grupo BITRAGA, unha breve análise dos xéneros e subxéneros máis traducidos, así como das linguas e culturas coas que máis relación se establece dende Galicia e do público ao que vai dirixido o groso da importación. Fernández Rodríguez, pola súa parte, presenta en 'El sector editorial gallego y la traducción literaria' unha aproximación á situación do tecido editorial en Galicia e da súa expansión dos últimos anos, particularmente coas propostas máis innovadoras e arriscadas de novas editoras que funcionan de xeito máis independente e 'van creando nuevos nichos y empujando a otros empresarios a seguir su estela' (80). Por último, Luna Alonso presenta, en '¿Quién es quién en la traducción de lengua gallega? Análisis del perfil profesional', un repaso das personalidades máis importantes do mundo da tradución en Galicia e da evolución da profesión que, dende unhas traducións impulsadas polo 'gusto personal y compromiso en una primera fase de normalización cultural' (89) nos anos oitenta, pasou a ter un estatus de maior profesionalización e visibilización dende os anos 90 ata a actualidade. Non só destaca Luna Alonso a importancia da oficialización dos estudos de tradución en Galicia para o cambio do perfil do tradutor, senón tamén para a reflexión sobre o discurso teórico da disciplina e as cuestións sobre 'qué se lee, qué se da a leer, cómo se lee, cómo se traduce, por qué una obra y no otra, por qué ahora y para este u otro campo literario' (100). Preséntase nesta primeira parte unha aproximación ao mercado da tradución literaria en Galicia que, malia quizais acusar un certo abuso de contextualización que deixa menos espazo á análise dos datos da propia investigación, proporciona unha panorámica interesante e formula unha serie de propostas e interrogantes moi pertinentes para o momento actual da tradución literaria en Galicia.

A segunda parte está composta de catro capítulos que se centran con máis profundidade nos catro xéneros máis destacados da literatura importada en Galicia: literatura infantil e xuvenil, poesía, narrativa e teatro. Iníciase co capítulo 'Literatura infantil y juvenil gallega: la importación de traducciones', de Isabel Mociño González, no que a autora insiste nas vías diferenciadas polas que sempre discorreu este xénero e realiza un breve pero ilustrativo repaso polas iniciativas de colaboración entre editoras galegas e outras foráneas para a coedición ou multiedición, así como a relevancia da autotradución nos inicios do período democrático e a maior visibilidade e profesionalización do sector no momento actual. Comenta acertadamente a autora a importancia de observar as diferenzas na evolución da literatura infantil e da xuvenil, que non sempre seguen os mesmos percorridos, así como a evolución das tendencias na importación, que van da énfase nos clásicos ás propostas máis innovadoras de novas editoras como Kalandraka ou OQO, cuxas novas estratexias contribúen ademais á reconsideración das linguas de partida. No capítulo dedicado á importación de narrativa, no que mesmo o título ('La importación de narrativa en Galicia, a la búsqueda de orientación') presenta de forma ben clara a crítica xeral que se observa en todo o libro sobre a inexistencia dunha actuación planificada, Dolores Vilavedra ofrece un breve pero contundente repaso á tradución de narrativa en Galicia, comentando a grande influencia do canon instaurado polos intelectuais da Xeración Nós e as súas influencias na importación de narrativa en Galicia no século xx para despois debater novas apostas como as de tradución de literatura policial ou de narrativa de autoría feminina, a especialización en formatos como a narración breve e a

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
Áurea; GALANES SANTOS,
Iolanda; LUNA ALONSO,
Ana e MONTERO KÜPPER,
Silvia (eds.)

*Literaturas extranjeras y
desarrollo cultural. Hacia un
cambio de paradigma en la
traducción literaria gallega*
Laura Linares

creación de antoloxías, e a importancia da aparición de novas editoras máis innovadoras no mercado galego, sen esquecer mencionar a maior tendencia actual ás apostas máis comerciais e á tradución dos chamados clásicos contemporáneos ou a histórica indecisión do mercado galego sobre a relevancia ou non de importar textos en portugués. María do Cebreiro Rábade Villar, no seu capítulo 'La recepción internacional de la poesía en Galicia', sen dúbida o máis sólido teoricamente do volume, bosquexa un panorama da tradución de poesía internacional no que se centra en primeiro lugar no traballo de catro mediadores e impulsores culturais destacados como son Darío Xohán Cabana, Manuela Palacios, Yolanda Castaño e Emilio Araújo, cuxas experiencias son esenciais para comprender o dinamismo da importación de poesía en Galicia na actualidade. Continúa a autora cunha análise das iniciativas das editoras galegas, máis conservadoras nas súas propostas que os devanditos axentes, para rematar cunha interesante reflexión sobre a menor influencia da énfase normalizadora na recepción da poesía por ser esta menos sensible aos valores do mercado, o que lle permite non só insistir na recepción de textos daquelas tradicións consideradas maioritarias senón tamén establecer vínculos con outras culturas consideradas periféricas. En 'Teatro y traducción en Galicia. Una panorámica provisional', o último capítulo da segunda parte, Manuel Vieites introduce, tras unha breve contextualización do sistema teatral galego, a principal característica diferenciadora da tradución teatral, que é a súa división entre traducións puramente literarias 'page to page' (195), e as traducións escénicas 'page to scene' (189), moito máis numerosas no eido galego e nas que a relación do tradutor co texto é moito máis dinámica que nas primeiras. Vieites ofrece unha compilación exhaustiva das traducións para teatro publicadas nos últimos anos e das iniciativas editoriais máis atractivas neste eido, rematando tamén cunha breve reflexión sobre a tradución e edición de textos de ensaio sobre teatro con vocación didáctica, que resulta do máis interesante e que se bota a faltar no resto de capítulos do volume.

O libro péchase cunha pertinente conclusión de Galanes Santos e Montero Küpper na que se compilan as liñas xerais tratadas nos diferentes capítulos e se describen os signos que as autoras consideran máis característicos do comezo dunha nova etapa da tradución en Galicia en cada un dos xéneros analizados. As editoras constatan un importante proceso de normalización lingüística e cultural, así como de evolución das prácticas tradutoras e de profesionalización e visibilización dos axentes tradutores, mais insisten de novo na necesidade de desenvolver unha adecuada planificación das políticas de tradución e dos apoios económicos institucionais para adaptarse a unha situación global en cambio constante que, malia proporcionar novas ferramentas, 'ejerce una presión, aún mayor, sobre las culturas menos afortunadas' (220).

Con este novo traballo sobre a importación de literatura no contexto galego, as investigadoras do Grupo BITRAGA da Universidade de Vigo compilan unha valiosa información que constitúe un recurso sen dúbida esencial tanto para futuros investigadores como para xestores e axentes culturais e institucionais interesados en reflexionar sobre a situación da tradución en Galicia, que como ben afirman as editoras, é necesario 'imbricar [...] en el proceso de recuperación cultural en pie de igualdad con la creación' (11). Quizais o aspecto menos loable deste benvido libro sobre a tradución en Galicia sexa o propio formato: o número de grallas é, especialmente nalgúns dos artigos, considerable, e en ocasións mesmo se perciben algúns erros gramaticais e, sorprendentemente, de tradución do galego ao castelán

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
Áurea; GALANES SANTOS,
Iolanda; LUNA ALONSO,
Ana e MONTERO KÜPPER,
Silvia (eds.)

*Literaturas extranjeras y
desarrollo cultural. Hacia un
cambio de paradigma en la
traducción literaria gallega*
Laura Linares

que dificultan a lectura fluída do texto. Bótase en falta tamén un índice analítico que facilitaríaa consulta de elementos específicos do libro, que por outra banda presenta un valioso resumo da situación actual da importación de literatura en Galicia e unha construtiva reflexión sobre as prácticas actuais. Se ben é posible que o optimismo de Basilio Losada ao afirmar que ‘este libro recoge la información total y la crónica de la historia de la traducción en Galicia’ (7) sexa un chisco desmesurado, este volume é, sen dubida, un gran paso adiante para a reflexión sobre a traducción literaria en Galicia, que ademais abre interesantes e necesarias interrogantes para a evolución do sector no futuro próximo.